

**Datas de realización:** 30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril.

**Lugar de realización da actividade:** CEIP As Fontiñas (Rúa de Roma, 21)

**Horarios e servizos que se ofrecen:**

**Horario:** de 7,45 h. ata ás 16,00 h., coas seguintes modalidades:

- Madrugadores : de 7,45 ás 09,00 h.
- Obradoiros e actividades: de 09,00 a 14,00 h.
- Servizo de comedor: de 14,00 ás 16,00 h.



## PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE SEMANA SANTA 2015



**Mais información:**

Departamento de Educación. Tfno: 981 554 400

[dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org); [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org);  
[santiago@actex.es](mailto:santiago@actex.es); [actex@actex.es](http://actex@actex.es)

**Teléfono de Coordinación e Secretaría:** 666 582 190

O programa municipal de conciliación SEMANA SANTA 2015 ten como obxectivo facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer no tempo libre desenvolvendo, valores de cooperación, respecto e tolerancia.

A proposta de actividades do PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE SEMANA SANTA 2015 xira arredor dunha temática intercultural, na que se pretende dar a coñecer aos participantes as singularidades e a riqueza cultural doutros pobos, promovendo os valores de respecto e convivencia.

As actividades están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas **entre os 3 e os 12 anos; é dicir, dende o 2º ciclo de educación infantil ata o 3º ciclo de Educación Primaria.**

**Teléfono de Coordinación e Secretaría durante o desenvolvemento do programa:**  
666582190 / 886125998

O alumnado estará organizado en todo momento en grupos de idades e realizarán, entre outras, as seguintes actividades:

HORARIO	LUNS 30	MARTES 31	MÉRCORES 1	Luns 6
07,45 - 09,00 h	AULA MATINAL	AULA MATINAL	AULA MATINAL	AULA MATINAL
09,00 - 09,30 h	BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA
09,30 - 11,30 h	XOGOS DE PRESENTACIÓN COÑECEMENTO E DE DISTENSIÓN. MURAL DO MUNDO	SAÍDA CULTURAL Á FUNDACIÓN GRANELL	OBRADOIRO MANUAL "AS CULTURAS PRECOLOMBINAS DE AMÉRICA"	OBRADOIRO DE COCIÑA ASIÁTICA
11,30 - 12,00h	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
12,00 - 14,00 h	OBRADOIRO DE ARTESANÍA AFRICANA	SAÍDA CULTURAL Á FUNDACIÓN GRANELL	XOGOS TRADICIONAIS DO MUNDO	DANZAS DO MUNDO E FESTA DE DESPEDIDA
14,00 – 16.00 h	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR

## INFORMACIÓN DE INTERESE PARA AS FAMILIAS

- Todo o alumnado debe traer unha **MOCHILA, etiquetada co seu nome**, coa merenda e unha botella de auga. Para evitar extravíos pregamos –se o consideran- que a roupa veña tamén rotulada co nome e apelidos.
- **MANDILÓN (opcional):** tanto para o comedor como para os obradoiros, xa que realizarán actividades con produtos que poden manchar a roupa.
- **Roupa cómoda e calzado deportivo**, xa que imos realizar xogos e actividades no pavillón do colexio.
- **Para o comedor**, o alumnado pode traer, ademais do mandilón, un **neceser con úteis de aseo debidamente etiquetados**. No caso de necesitar unha **DIETA ESPECIAL**, deben comunicalo previamente no teléfono da Secretaría.
- **Para a seguridade do alumnado, as portas do centro permanecerán pechadas e abriranse 15 minutos antes do horario de recollida** (no caso de que precisen recoller ao seu fillo/a antes deste horario, deberán comunicarllo ao monitorado ou chamar ao teléfono de secretaria indicado). O horario de recollida dos participantes despois do servizo de comedor será a partir das 15.00 horas.
- Está prevista unha **saída pola cidade de Santiago** na que se realizarán distintas actividades. Para esta saída é imprescindible que **asinen a autorización** que se lles envía. No caso de que algún alumno/a non estea autorizado quedará no colexio acompañado dos correspondentes monitores/as.
- Para a **publicación de imaxes** dos participantes como recurso educativo en liña (tríptico, páxina web, ou nos medios de comunicación que cubran as actividades do programa), deberán entregar debidamente **asinado a autorización** que se lles envía, estando suxeito, exclusivamente, a un uso educativo e informativo e non comercial. As accións, produtos e utilidades derivadas da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro.

